

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 22 de xaneiro de 2021 en relación coa composición do tribunal do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D)

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 29 de abril de 2019;

Visto o escrito co número de rexistro 6.744 do 22 de decembro de 2020, presentado polo membro suplente do vogal 2, Marina López Gómez, funcionaria do grupo D do Parlamento, no que alega motivos persoais para a súa renuncia a participar na composición do antedito tribunal, e para que se proceda á designación doutra persoa,

RESOLVO:

1º. Aceptar a solicitude de Marina López Gómez e nomear no seu lugar como membro do tribunal suplente cualificador das probas selectivas para o ingreso por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) a persoa que figura a continuación:

— Vogal 2: Hixinio Estévez Adán, funcionario do grupo D do Parlamento.

2º. Comunicarlle esta resolución ao servizo de Persoal e Réxime Interior e aos interesados e publicala na páxina *web* e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

